

A wide-angle, high-angle photograph of the interior of a grand, ornate opera house. The theater is filled with rows of red seats, and the walls and ceiling are covered in intricate gold-colored carvings and decorations. The stage is visible in the center, with a large, dark, arched opening above it. The lighting is warm and dramatic, highlighting the architectural details.

ÓPERA

Italia a comezos do s. XVII



España e Alemaña: feudo da ópera italiana ata o s. XVIII

Francia (Ballets de cour): estilo propio.

Inglaterra ao morrer Purcell: importa músicos doutras nacionalidades



Antecedente: **INTERMEDIOS** (espectáculo que se daba nos descansos das obras teatrais para entreter o público)



*Danzas, madrigais, cancións e pequenas pasaxes escenificadas (xénero representativo). Tamén empregaban pezas instrumentais que non eran danzas, os *ritornellos.*

Soen ser 6 intermedios (escenas convencionais de mar, terra, ceo e inferno)

Os intermedios xunto cos madrigais de estilo representativo son os antecedentes directos da ópera.

* <https://www.youtube.com/watch?v=j5iYYbYLozc>

CARACTERÍSTICAS

1. Predomina o texto sobre a música.
2. Unha soa voz que dá como resultado o estilo recitativo, no que se salienta a expresión poética.
3. O acompañamento podía ser con lira, clavecín ou laúde. O compositor usaba o baixo cifrado, un sistema de escrita que se mantivo ata fins do s.XVIII.

ESQUEMA XERAL

Os tópicos que os autores deben respectar son:

1. Argumentos mitolóxicos ou históricos que tiñan que ser tratados con liberdade, ao gusto do libretista, que era a persoa que compoñía o texto dunha ópera.
2. O público barroco reclamaba a presenza de escenas impactantes que provocaran a emoción e o aplauso.
3. A técnica teatral valíase de maquinarias: escenarios que se abrían, personaxes que baixaban do ceo ou subían a el... Ás veces, as óperas representábanse ao aire libre aproveitando as fachadas dos palacios ou a vexetación como parte integrante dos decorados.


<https://www.youtube.com/watch?v=rxGy83aipbY>



ÓPERA ITALIANA



É de carácter aristocrática e atópase na denominada *Camerata fiorentina*, unha reunión de artistas (escritores e músicos) que, durante os últimos anos do s.XVI, se realizaba nas mansións dos condes Bardi e Corsi, en Florencia. Compositores coma Vincenzo Galilei e Giulio Caccini, ligados á corte de Florencia, comezaron a compoñer nun estilo vocal principalmente silábico que tiña poucos adornos. A monodia acompañada facía máis comprensible o texto, avanzando así na relación existente entre música e texto.



Vincenzo Galilei (1540--1610)

Compuxo tres cantos para unha soa voz acompañados de laúde con textos da “Divina Comedia” de Dante, pero están perdidos. Os integrantes das reunións musicais, que denominaron Academia, sentaron as bases da nova arte dramática que se estendeu por Italia e posteriormente por toda Europa.



<https://www.youtube.com/watch?v=OBNjhNM1VHs>

Claudio Monteverdi (1567--1643)

Defendeu a “segunda práctica” (así denominou o estilo novo dos compositores florentinos) fronte ao estilo antigo dos polifonistas ao que se referiu como “primeira práctica”. Este principio de claridade na edición do texto está presente na primeira ópera: “Dafne”, composta por Jacopo Peri e actualmente perdida, así coma na ópera “Eurídice”, baseada nun poema mitolóxico-pastoral ao que lle puxo música Caccini. Estes compositores formaban parte da Camerata Fiorentina, organizada polo príncipe Bardi para cultivar as artes, e consideraban o recitativo esencial para mover os afectos do oínte. Das primeiras óperas só se conserva completa “Orfeo”, de Monteverdi, escrita en 1607.



<https://www.youtube.com/watch?v=yxBT1pfVAKQ>

PARTES DUNHA ÓPERA NESTA ÉPOCA

- O recitativo: consiste nunha declamación natural do texto. Unha variante deste será o recitativo secco. Acompañábase polo baixo continuo.
- O arioso: é unha declamación máis dramática e afectiva acompañada polo baixo continuo.
- A aria: é un canto moi adornado, polo xeral estrófico e con acompañamento instrumental, reservado para os momentos máis líricos da ópera.

Ademais, entre estes números vocais intercálanse partes instrumentais (obertura e interludios) executados por unha orquestra aínda relativamente pequena, centrada nas cordas. Pouco a pouco os coros irán desaparecendo da ópera, xa que o público era máis partidario das voces a solo e a dúo. Monteverdi utiliza un conxunto moi grande para a época, ata 40 instrumentos. Non é unha orquestra, senón un conxunto instrumental. Rara vez soan simultaneamente os corenta instrumentos, senón que se agrupan en diferentes conxuntos. Monteverdi especifica en determinados momentos da ópera, qué instrumentos concretos se van tocar, algo novidoso na época. Compouxo varias óperas, case todas perdidas, entre as que destaca: “Il ritorno d’Ulisse” (1641) e “L’incoronazione di Poppea” (1642). Introduce tamén un personaxe que se chama Testo (o que conta a historia), un tenor que vai narrando a trama entre os protagonistas. Venecia vai ser a primeira cidade que admita a presenza de público nun teatro mediante a compra dunha entrada. Con este feito, inaugúrase unha nova etapa para a ópera

ÓPERA SERIA

A principios do s. XVIII, Nápoles foi o centro da ópera italiana. O principal compositor foi Alessandro Scarlatti. De feito podemos dicir que as óperas serias do Barroco son moi parecidas, coas seguintes características:

1. A representación comeza cunha obertura instrumental. Non ten ningunha función dramática; tan só indica que a obra vai comezar e, polo tanto, que o público debe gardar silencio.

2. O recitativo é a parte da ópera que, polo seu ritmo e inflexións, parécese a un recitado (falar cantando). Podía ser recitativo secco (a voz acompañada soamente por algúns acordes do clave) ou acompañado por unha sección da orquestra.

3. A aria é a parte máis importante da ópera seria barroca. Comeza cunha introducción orquestral que da pe ao solista; consta de 3 seccións: A, B, A'.

4. Pronto o público comezou a esixir aos cantantes a capacidade de improvisar florituras e variacións. xurdiu a escola de bel canto ou canto solo, é dicir, o virtuosismo no canto. Entre as voces que practicaban o bel canto, as máis solicitadas divos que todo o mundo quería escoitar. Voces que se conseguían castrando destacaban pola súa boa voz. Así, o corpo do neno seguía medrando, as caixas de resonancia facíanse máis grandes pero o timbre de voz continuaba a ser agudo.



Existían tamén unha serie de voces chamadas os falsetistas. Estes crean unha impostación de voz para cantar en voz aguda sen tela en realidade. Actualmente poderíamos chamar falsetistas aos contratenores. A formación dos castrati era moi rigurosa e en Italia había escolas de canto onde estes se formaban. Algúns dos máis importantes son: Nicolini, Ferri, Farinelli...

5. A ópera seria non soe usar coros, nin introduce ballet excepciónando as óperas francesas. Trata temas de mitoloxía grega e son extensas (3,4 ou 5 actos).

<https://www.youtube.com/watch?v=SA0viFTN1zU>

<https://www.youtube.com/watch?v=t9h7oB0TpLY>



ÓPERA BUFA

Nace a inicios do s. XVIII en Nápoles, e o seu fin era o entretemento cómico. Practicábase nos intermedios das grandes Óperas Serias. Os e as cantantes precisaban descansar e de aquí xurdiu este tipo de Ópera. Representábase en teatros, e os seus argumentos eran sinxelos e cercanos á xente. Eran pequenas óperas que se popularizaron rápido.

Entre os compositores máis destacados está G.B. Pergolesi, autor da ópera “La serva padrona”. Tivo grande éxito pero ao mesmo tempo foi polémica entre os defensores da tradición lírica francesa (antibufóns) e os partidarios dos bufos italianos.

<https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/3/36/Nicolini.jpg>

